

Visita institucional da Alcaldía de Santiago de Compostela ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)

- O Alcalde interesase polas infraestruturas TIC que o Centro xestiona e polos proxectos de simulación que se abordan no Centro.
- As infraestruturas informáticas do Centro compostelán resultan de alto interese no contexto do proxecto "SMART iAgo"

Santiago de Compostela. 3 de Febreiro de 2014.- Ángel Currás, alcalde compostelán visitou hoxe as instalacións do Centro de Supercomputación de Galicia onde foi recibido polo seu Presidente, Manuel Varela, polo director xerente, Javier García Tobío e por membros do seu padroado Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Coordinador Institucional do CSIC en Galicia.

No transcurso da visita, Ángel Currás interesouse polo posible aproveitamento desta infraestrutura no desenvolvemento e implantación do proxecto SMART iAgo, que busca formular solucións tecnolóxicas orientadas á xestión e á resolución da problemática específica das cidades Patrimonio da Humanidade nos seus centros históricos. Este proxecto trata tamén de integrar aos centros de I+D, empresas e outras entidades interesadas ao obxecto de maximizar o impacto do proxecto nos sectores produtivos con presenza na cidade.

O CESGA dispón de avanzadas plataformas informáticas para simulación numérica, almacenamento de datos e explotación de *big data*, sistemas de información xeográfica, plataformas de e-learning e redes de comunicacións de última xeración.

Os responsables do CESGA amosaron a súa total dispoñibilidade para colaborar nos proxectos tecnolóxicos do Concello e contribuir así á unha xestión eficiente das necesidades da cidade e ao exitoso desenvolvemento dos proxectos do Concello.

O alcalde expresou o seu orgullo e admiración por contar, no corazón da cidade, con esta infraestrutura científico tecnolóxica singular do estado que en numerosas ocasións aloxou o meirande máquina de cómputo de España, igualmente agradeceu o ofrecemento do Centro para facer uso desta tecnoloxía no SMART iAgo.

O alcalde apuntou que o CESGA é "un recurso fundamental para as universidades e para Galicia". Así, "ademais de permitir o avance en materia de ciencia e tecnoloxía, este centro pode permitir a monitorización de aspectos claves no funcionamento da cidade, na liña do que dende o Concello pretendemos co proxecto SMART iAgo", dixo. Cómpre lembrar que esta iniciativa ten como obxectivo principal formular solucións tecnolóxicas orientadas á xestión e á resolución da problemática específica das cidades Patrimonio da Humanidade nos seus centros históricos.

Por iso, indicou que se "abre a colaboración inmediata na modernización do sistema de cidade e dos servizos públicos" e considerou "decisivo que dende a Administración local tamén poidamos facer uso destes recursos".

**ACTO: Visita Institucional da
Alcaldía de Santiago de Compostela
ao CESGA, Centro de Supercomputación de Galicia**

Data: Luns, 3 de Febreiro de 2014

Hora: 11:30 horas

Duración: 45 minutos aprox.

Lugar: Instalacións da Fundación CESGA
Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida)
15705 Santiago de Compostela

Participan: Ángel Currás, Alcalde de Santiago de Compostela
Manuel Varela Rey, Presidente da Fundación CESGA e Director da
Axencia Galega de Innovación, GAIN
Javier García Tobío, Director Xerente, CESGA

Convocatoria Medios:

Convocar só a Gráficos para ás 12:00h.: Emitir convocatoria
conxunta do Concello de Santiago, da Fundación CESGA e da Axencia
Galega de Innovación so a gráficos.

Axenda:

- 11:30 Chegada da delegación do Concello de Santiago de Compostela ao
CESGA.
Recepción e Benvida por parte do Presidente e do Director CESGA.
- 11:35 Presentación ao Alcalde da actividade do CESGA na sala de xuntas do
Centro no primeiro andar
- 12:00 Visita guiada ao centro de procesamento de datos e ao FinisTerraes,
Infraestrutura Científico Tecnolóxica Singular do Estado xestionada
polo Centro.
- 12:15 Fin da Visita e Despedida